

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O COFINANCIAMENTO DAS AXUDAS JUAN DE LA CIERVA (convocatoria MINECO 2015).

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2017

REUNIDOS:

Dunha parte o Sr. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante CONSELLERÍA), nomeado mediante o Decreto 148/2016, do 13 de novembro (DOG núm. 217, do 14 de novembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte o Sr. Juan Manuel Viaño Rey, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Doutra parte o Sr. Salustiano Mato de la Iglesia, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en diante UVIGO), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (en diante LOU) .

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que a USC e a UVIGO son entidades de dereito público que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que as configura como os principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

SEGUNDO.- Que a Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes á CONSELLERÍA, de acordo co Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 13, do 18 de xaneiro).

Nese marco, correspóndelle velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (en diante **SUG**) para a súa vertebración e posta en valor no marco do sistema de innovación e, singularmente, a promoción das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

Esta función atribuída concrétese na atención á estrutura de investigación das universidades galegas e, particularmente, á consideración das tarefas de investigación que desenvolve o persoal do **SUG**.

TERCEIRO.- Que a LOU establece, nos seus artigos 33 e 40, que tanto a docencia como a investigación son dereitos e deberes do persoal docente e investigador das universidades. Avanzando nesta liña a dita lei, no seu artigo 40.3 (modificado pola Lei orgánica 4/2007, do 12 abril), sinala que “a universidade facilitará a compatibilidade no exercicio da docencia e a investigación, e incentivará o desenvolvemento dunha traxectoria profesional que permita unha dedicación máis intensa á actividade docente ou á investigadora”.

Nos últimos anos, boa parte das universidades do estado español están a implementar medidas que tenden a recoñecer a actividade investigadora dentro da dedicación ordinaria do persoal docente e investigador.

CUARTO.- Que a captación, formación e retención de talento supón unha área estratéxica do Goberno galego co fin de atraer e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo unha carreira profesional que posibilita a formación e fomento da excelencia científica no sistema galego de I+D+i.

A captación do mellor talento científico e innovador é esencial para fortalecer o Sistema público de investigación galego, por iso a CONSELLERÍA promove o Programa de captación de talento, incentivando e apoiando a presentación aos programas máis competitivos das mellores candidaturas sen que o seu éxito comporte unha carga orzamentaria para a universidade, centro de investigación universitario ou grupo. Tendo ademais en conta que o éxito nestes programas, máis aló do retorno científico e económico que a persoa investigadora produza, supón un indicador de calidade para o organismo no que se incorpore e para o conxunto do sistema galego de I+D+i.

QUINTO.- Que a Administración Xeral do Estado conta con programas cunha acreditada traxectoria como instrumentos de promoción da ciencia e a investigación e que son altamente competitivos para (entre outros obxectivos de formación e mobilidade xeográfica) incentivar a contratación de doutores/as e tecnólogos/as en organismos de investigación.

No marco da liña instrumental de actuación en recursos humanos do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016 aprobado polo Acordo do Consello de Ministros na súa xuntanza do 1 de febreiro de 2013, na Orde ECC/1402/2013, do 22 de xullo, modificada pola Orde ECC/1820/2014, do 26 de setembro, apróbanse as bases reguladoras para a concesión de axudas no marco do Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016 (BOE núm. 176, do 24 de xullo). Destacar que este Plan ten o carácter de plan estratéxico ao que se refire a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por Resolución do 2 de decembro de 2015, da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, modificada parcialmente polas Resolucións do 24 de xuño e do 14 de novembro de 2016, apróbase a convocatoria correspondente ao ano 2015 de diversas actuacións contempladas no Subprograma estatal de formación e no Subprograma estatal de incorporación, do Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade, no marco do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016 (BOE núm. 292, do 7 de decembro).

O obxectivo do Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade é financiar e incentivar, mediante convocatorias en concorrencia competitiva, a formación e especialización dos recursos humanos de I+D+i e impulsar a súa inserción laboral tanto no sector público como privado, así como facilitar a mobilidade internacional e a mobilidade dentro do sector público. O Programa estatal de promoción do talento e a súa

empregabilidade está integrado por tres subprograma estatais: formación, incorporación e mobilidade.

SEXTO.- No ámbito do Subprograma estatal de incorporación e do Subprograma estatal de formación, do Programa estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade, convócanse as axudas Juan de la Cierva-formación e Juan de la Cierva-incorporación (en diante, axudas JC).

O obxectivo das axudas JC é fomentar a contratación laboral de mozos e mozas doutores por un período de dous anos co obxecto de que afiancen as capacidades adquiridas nunha primeira etapa de formación posdoutoral.

Nas disposicións específicas das axudas JC-formación, entre outras, figuran as seguintes características:

- Unha duración de dous (2) anos (dende a data da incorporación do persoal investigador ao seu posto de traballo no centro contratante).
- O importe da axuda anual do MINECO para cada un dos contratos será de 25.000 euros, destinada necesariamente a cofinanciar o salario e a cota empresarial da seguridade social do persoal investigador contratado durante cada unha das anualidades.
- A retribución mínima que deberá recibir o persoal investigador contratado, que se deberá indicar en cada contrato, será de 21.500 euros brutos anuais.
- O centro de I+D debe asumir o custo da contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos posteriores do persoal investigador contratado, incrementos da cota empresarial da seguridade social ou calquera outra incidencia.

Nas disposicións específicas das axudas JC-incorporación, entre outras, figuran as seguintes características:

- Unha duración de dous (2) anos (dende a data da incorporación do persoal investigador ao seu posto de traballo no centro contratante).
- O importe da axuda anual do MINECO para cada un dos contratos será de 29.000 euros, destinada necesariamente a cofinanciar o salario e a cota empresarial da

seguridade social do persoal investigador contratado durante cada unha das anualidades.

- A retribución mínima que deberá recibir o persoal investigador contratado, que se deberá indicar en cada contrato, será de 25.000 euros brutos anuais.
- O centro de I+D debe asumir o custo da contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos posteriores do persoal investigador contratado, incrementos da cota empresarial da seguridade social ou calquera outra incidencia.

SÉTIMO.- Por resolucións da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competividade (pódense consultar en <http://www.idi.mineco.gob.es/>), concédense subvencións á USC e á UVIGO para a contratación laboral de doutores. Así:

- Resolución do 25 de novembro de 2016 (axudas Juan de la Cierva-formación).
- Resolución do 23 de decembro de 2016 (axudas Juan de la Cierva-incorporación).

Polo anteriormente exposto, a CONSELLERÍA, a USC e a UVIGO coinciden na necesidade de incentivar a actividade investigadora e, consecuentemente, acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONSELLERÍA, a USC e a UVIGO, para executar accións destinadas a fomentar a captación do persoal de investigación cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador nas universidades galegas.

En concreto, trátase de que a CONSELLERÍA colabore no cofinanciamento da achega económica que a USC e a UVIGO necesitan para afrontar o gasto que supón a contratación de persoal investigador no marco das axudas JC, concedidas polas seguintes resolucións da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do

Ministerio de Economía e Competividade (convocatoria 2015) no marco do vixente Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016:

UNIV.	Apelidos e nome	NIF	Resolución Juan de la Cierva Formación	Referencia MINECO
USC	F. A. Ángel Luis	*****813Y	Resolución de 25 de novembro de 2016	FJCI-2015-26847

UNIV.	Apelidos e nome	NIF	Resolución Juan de la Cierva Incorporación	Referencia MINECO
USC	T. G., María	*****809E	Resolución de 23 de decembro de 2016	IJCI-2015-23210
USC	G.E., Beatriz	*****285R	Resolución de 23 de decembro de 2016	IJCI-2015-25305
USC	L.C., Olalla	*****365L	Resolución de 23 de decembro de 2016	IJCI-2015-26864
UVIGO	T. C., David	*****791B	Resolución de 23 de decembro de 2016	IJCI-2015-25843

SEGUNDA.- Compromiso das partes.

A CONSELLERÍA comprométese a colaborar no cofinanciamento dos gastos asociados á contratación do persoal investigador seleccionado, por un importe total de corenta e nove mil (49.000,00) euros, coa distribución que de seguido se indica:

Importe 2017	Importe 2018	Importe 2019	TOTAL
11.875.00 €	24.500.00 €	12.625.00 €	49.000.00 €

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal investigador que desenvolvan as actividades e a CONSELLERÍA, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

A USC e a UVIGO, como beneficiarias das subvencións concedidas pola Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competividade, contratarán laboralmente as cinco (5) persoas candidatas seleccionadas a tempo completo (conforme ás táboas resumo que se incorporan de seguido), por unha duración mínima de 2 anos e con suxeición ao resto das condicións da concesión das axudas JC (incorporación do persoal investigador, execución da axuda, modificación das condicións, xustificacións, ...)

ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO SUBPROGRAMA DE FORMACIÓN								
UNIV	Apelidos e nome	Data de inicio	Data fin	Importe máximo anual	Importe 2017	Importe 2018	Importe 2019	Importe total
USC	F. A. Ángel Luis	26/05/2017	25/05/2019	4.500,00 €	1.875,00 €	4.500,00 €	2.625,00 €	9.000,00 €
TOTAL FORMACIÓN					1.875,00 €	4.500,00 €	2.625,00 €	9.000,00 €

ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO SUBPROGRAMA DE INCORPORACIÓN								
UNIV.	Apelidos e nome	Data de inicio	Data fin	Importe máximo anual	Importe 2017	Importe 2018	Importe 2019	Importe total
USC	T. G., María	01/02/2017	31/01/2019	5.000,00 €	3.333,33 €	5.000,00 €	1.666,67 €	10.000,00 €
USC	G. E., Beatriz	01/03/2017	28/02/2019	5.000,00 €	2.916,67 €	5.000,00 €	2.083,33 €	10.000,00 €
USC	L. C., Olalla	16/06/2017	15/06/2019	5.000,00 €	1.666,67 €	5.000,00 €	3.333,33 €	10.000,00 €
UVIGO	T. C., David	01/06/2017	31/05/2019	5.000,00 €	2.083,33 €	5.000,00 €	2.916,67 €	10.000,00 €
TOTAL INCORPORACIÓN					10.000,00 €	20.000,00 €	10.000,00 €	40.000,00 €

En concreto, as universidades contratarán o persoal seleccionado a tempo completo de acordo coa lexislación vixente e incorporarano aos centros de investigación en prazo, poñendo á súa disposición as instalacións e medios materiais e formativos necesarios para a realización axeitada do seu traballo.

As universidades asumen o custo das súas respectivas contratacións no que exceda das axudas concedidas, así como posibles incrementos retributivos (ou de cota empresarial da seguridade social) ou calquera outra incidencia. Tamén están obrigadas a comunicar as baixas, renuncias, interrupcións e demais incidencias dos contratos cofinanciados.

TERCEIRA.- Financiamento.

A CONSELLERÍA achegará a cantidade total de corenta e nove mil (49.000,00) euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.561B.444.0 (código de proxecto 2016-00129), dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para os exercicios 2017, 2018 e 2019, no marco do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020.

Esta cantidade de 49.000,00 € trátase dun importe certo, e queda por conta das universidades beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin; pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola CONSELLERÍA poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De ser o caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 13 de xuño (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, consultarase automaticamente que a USC e a UVIGO están ao corrente do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

CUARTA.- Pagamento e xustificación.

A CONSELLERÍA efectuará o libramento dos fondos coa distribución que de seguido se indica:

Universidade	Importe 2017	Importe 2018	Importe 2019	TOTAL
USC	9.791,67 €	19.500,00 €	9.708,33 €	39.000,00 €
UVIGO	2.083,33 €	5.000,00 €	2.916,67 €	10.000,00 €
TOTAL	11.875,00 €	24.500,00 €	12.625,00 €	49.000,00 €

En cada anualidade os correspondentes importes do cofinanciamento faranse efectivos contra a presentación por cada universidade dunha memoria na que se dea conta do destino da achega e dunha certificación expedida polo órgano de control correspondente de cada universidade na que se dá toma de razón en contabilidade da achega, especificando o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin (singularmente, acreditación da contratación e permanencia nos postos de traballo obxecto da axuda JC).

Con data límite de 20 de decembro de cada anualidade presentarase a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento durante ese exercicio con indicación expresa da achega efectiva do ministerio para o período xustificado. Os pagamentos

correspondentes ás nóminas e á seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto da anualidade seguinte.

Tamén deberán presentar a declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para este fin (tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución).

A sinatura deste convenio comporta a autorización para consultar automaticamente estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da seguridade social e de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda.

QUINTA.- Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, sen prexuízo de que poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2017 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

SEXTA.- Publicidade e transparencia

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC e a UVIGO consenten expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidesen facer a USC e a UVIGO no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

De acordo co disposto no artigo 2.1 do Marco comunitario de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2006/C 323/01), non se aplica o establecido no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e, polo tanto, non terá a condición de axudas de estado as axudas previstas neste convenio por outorgarse a organismos de investigación para actividades non económicas.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na

actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de datos nacional de subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes do presente convenio manifestan o seu consentimento ou autorizan para que os seus datos persoais que constan no convenio, e mais o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio, que se reunirá por petición dunha das partes, constituída do seguinte xeito:

- Pola CONSELLERÍA, o/a secretario/a xeral de Universidades, ou persoa en quen delegue.
- Pola USC, o/a reitor/a da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoa en quen delegue.
- Pola UVIGO, o/a reitor/a da Universidade de Vigo, ou persoa en quen delegue.

 Actuará como secretario/a da comisión o/a xefe/a de servizo de Planificación e Estruturación da Investigación, axustándose ao réxime xurídico desta ás normas previstas nos artigos 22 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas ás subvencións concedidas, serán resoltas pola CONSELLERÍA.

OITAVA.- Resolución.

Será causa de resolución do presente convenio de colaboración o incumprimento de calquera das cláusulas deste.

Este convenio tamén poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, previa audiencia e con, polo menos, un mes de antelación.

En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á exixencia de xuros de mora nos casos previstos nos artigos 32, 33 e 40 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- Natureza xurídica.

De acordo co establecido no artigo 36 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, neste convenio concorren razóns que non fan necesaria a convocatoria pública da axuda, xa que a totalidade do persoal investigador contratado está polas universidades do SUG que participaron na convocatoria pública correspondente ás axudas JC para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

A actuación JC é un instrumento de arraigo dentro das políticas de incorporación dos recursos humanos ao sistema de I+D+I, que pode ser utilizado para a execución de actuacións que as comunidades autónomas adopten en base aos seus propios programas específicos, atendendo ao cumprimento dos obxectivos establecidos na Estratexia española de ciencia-tecnoloxía e de innovación con relación á articulación que debe de existir entre o programa estatal e os programas rexionais. Estas circunstancias xustifican a posibilidade de conveniar coas tres universidades para esta finalidade.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 4.1c) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e se realiza ao abeiro do establecido no artigo 47.1 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas cláusulas deste e, no seu defecto, pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición

contencioso-administrativa, nos termos que se establece no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano por cuadriplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria



Román Rodríguez González

O reitor da UVIGO

Salustiano Mato de la Iglesia

O reitor da USC

Juan Manuel Viaño Rey

